







# Ferramenta de

# **Responsabilidade Social Empresarial**

# da Xunta de Galicia

(v4.00)

Manual de usuario







## **INDICE**

1	Ben	vido a XUNTA PRO-RSE	4
2	Por	que a Xunta de Galicia aposta pola RSE?	5
3	Que	é a Responsabilidade Social Empresarial?	6
4	Prin	cipais áreas de XUNTA PRO-RSE	7
5	Insta	alación de XUNTA PRO-RSE	8
	5.1	Obtención dos arquivos de instalación de XUNTA PRO-RSE	8
	5.2	Instalación de XUNTA PRO-RSE	8
6	Con	figuración e personalización de XUNTA PRO-RSE	. 10
	6.1	O apartado "Propiedades"	. 11
	6.2	Directorio de almacenamento de informes por defecto	. 12
	6.3	Selección do servidor de base de datos	. 13
	6.3.	1 Formatear a base de datos	. 15
	6.4	Perfil da empresa	. 16
	6.5	Xestión de indicadores RSE personalizados	. 18
	6.6	Xestión de obxectivos personalizados	. 20
	6.7	Xestión de centros personalizados	. 22
	6.8	Xestión de unidades de cuantificación personalizadas	. 24
7	Auto	odiagnose	. 25
	7.1	Realizar unha autodiagnose	. 26
	7.2	Continuar coa autodiagnose	. 29
	7.3	Gardar a autodiagnose	. 29
	7.4	Avaliar a autodiagnose	. 30
	7.5	Ver histórico de autodiagnoses	. 31
8	Auto	odiagnose ODS	. 32
	8.1	Realizar unha autodiagnose ODS	. 33
	8.2	Continuar coa autodiagnose ODS	. 36
	8.3	Gardar a autodiagnose	. 36
	8.4	Avaliar a autodiagnose ODS	. 36
	8.5	Ver histórico de autodiagnoses ODS	. 38
9	Xest	ión de indicadores	. 40







9.1	E	Engadir datos
9.2	ſ	Modificar e borrar datos
10	Xer	ración de informes
10.1	I	nforme Xunta de Galicia
10.2	I	nforme GRI
10	).2.1	1 Materialidade GRI 48
10	).2.2	2 Perfil da entidade
10	).2.3	3 Indicadores
10	).2.4	4 Xerar Informe GRI 52
10.3	I	nforme Pacto Mundial
10.4	- 1	nforme de obxectivos de indicadores53
10.5	I	nforme ODS
10	).5.1	1 Perfil da entidade
10	).5.2	2 Obxectivos ODS 55
10	).5.3	3 Xerar Informe ODS 56
11	Cop	pia de seguridade dos datos
11.1	F	Realizar unha copia de seguridade 57
11.2	F	Restaurar unha copia de seguridade57
12	Asi	stencia en liña
13	Cré	éditos e dereitos de uso







#### **1 Benvido a XUNTA PRO-RSE**

XUNTA PRO-RSE é unha ferramenta *software*, desenvolvida pola **Consellería de Traballo e Benestar** da Xunta de Galicia, que a administración autonómica pon ao dispor das empresas galegas de xeito gratuíto.

Esta ferramenta permite ás empresas a integración das variables da **responsabilidade social empresarial** (**RSE**) na xestión do seu negocio, dunha maneira sinxela e gráfica. As empresas poderán visualizar os indicadores das súas propias actuacións, en materia socio-laboral, ambiental e económica, seguindo diversos estándares, nacionais e internacionais, que promoven a **RSE**.

XUNTA PRO-RSE permite ás empresas coñecer, en todo momento, o estado das súas actuacións e o nivel de cumprimento destas, de acordo aos seus obxectivos en materia de responsabilidade social empresarial.

**XUNTA PRO-RSE** cumpre as seguintes funcións:

- Facilitar á empresa o acceso a unha **ferramenta de xestión da responsabilidade social empresarial**, que lle permita estruturar, por en valor e controlar as súas actuacións. A empresa poderá incluír datos cualitativos e cuantitativos na ferramenta en calquera momento.
- Facilitar a elaboración da memoria de responsabilidade social empresarial ou memoria de sustentabilidade, de acordo aos principais estándares, nacionais e internacionais, na materia. A memoria de responsabilidade social empresarial incorpora automaticamente os indicadores que a empresa cubra, nesta ferramenta, ao longo do exercicio.
- Identificar as fortalezas e debilidades das empresas dentro da responsabilidade social empresarial, detectando as posibles áreas de mellora que axudarán as empresas a definir os plans de actuación ou mellora en materia de responsabilidade social empresarial.
- Facilitar a xeración de informes de indicadores personalizados ás necesidades da empresa. O obxectivo destes informes é axudar a mellorar a xestión dos indicadores a través da súa comparabilidade.





FONDO SOCIAL EUROPEO "O FSE inviste no teu futuro"









#### 2 Por que a Xunta de Galicia aposta pola RSE?

Estamos comprometidos coa **responsabilidade social empresarial** e somos conscientes de que as empresas galegas necesitan dun impulso para o desenvolvemento desta materia, tal e como se recolle no **Plan estratéxico galego de responsabilidade social empresarial (2012/2014)**. Para apoiar esta estratexia de mellora desenvolvemos unha metodoloxía que, a través dun enfoque innovador e flexible, promove a integración de estratexias e accións de **responsabilidade social empresarial** e facilita as relacións cos seus grupos de interese.

A Xunta de Galicia presenta XUNTA PRO-RSE, como unha ferramenta que permite:

- Coñecer as particularidades de abordar un enfoque de responsabilidade social empresarial.
- Xestionar as variables coas que se pode medir a creación de valor sustentable.
- Identificar aos seus grupos de interese.
- Definir as especificidades do seu modelo de xestión.

A Xunta de Galicia persegue con XUNTA PRO-RSE, que as empresas galegas:

- Adopten un modelo de **responsabilidade social empresarial** que mellore a súa competitividade e a súa relación cos grupos de interese.
- Xestionen a súa responsabilidade social empresarial sinxelamente e con criterios profesionais.
- Melloren a súa comunicación cos seus grupos de interese.
- Adquiran novos coñecementos en responsabilidade social empresarial.

A través de XUNTA PRO-RSE, a empresa pode , entre outros beneficios:

- Mellorar a rendibilidade do seu negocio: minorar os seus custos.
- Facilitar a xestión do seu negocio en situacións de risco: incrementar a eficacia do seu modelo de negocio e a súa produtividade.
- Mellorar a súa reputación e imaxe corporativa: mellorar as relacións e os compromisos cos seus grupos de interese e aumentar a implicación destes na xestión do seu negocio.







## 3 Que é a Responsabilidade Social Empresarial?

A **responsabilidade social empresarial (RSE)** fai referencia ao bo goberno da empresa, a unha xestión ética e sustentable e, máis amplamente, ao conxunto de compromisos de carácter voluntario que unha empresa adquire para xestionar o seu impacto no ámbito laboral, social, ambiental e económico, tratando de facer compatibles o obxectivo financeiro tradicional de obtención do máximo beneficio coa xeración de beneficios para o conxunto da sociedade.

A **RSE** non debe ser pois entendida nin como un comportamento altruísta por parte da empresa nin como un instrumento publicitario para mellorar a súa imaxe, senón como unha forma de xestión da empresa que implica a súa colaboración coa sociedade, incorporando as preocupacións desta como parte da súa estratexia de negocio e asumindo o compromiso de dar conta das súas actuacións coa adecuada transparencia.

A **RSE** caracterízase por:

- Unha práctica empresarial responsable.
- O compromiso con iniciativas voluntarias que van máis aló do esixido pola lexislación e polas obrigas contractuais adquiridas.
- A súa integración na xestión e estratexia empresarial, xa que, a RSE non son actuacións puntuais e illadas.
- O desenvolvemento de **actuacións beneficiosas** para os diversos grupos de interese cos que a empresa se relaciona.
- A obtención simultánea de **beneficios financeiros**, sociais e ambientais e a mellora da competitividade da empresa.







#### 4 **Principais áreas de XUNTA PRO-RSE**

XUNTA PRO-RSE estrutúrase en catro áreas funcionais que abranguen o proceso de xestión da responsabilidade social empresarial (RSE), que son:

- Autodiagnose. XUNTA PRO-RSE permite ás empresas, a través dun cuestionario sobre as súas actuacións, identificar os seus puntos fortes e débiles e as áreas de mellora da responsabilidade social empresarial. A autodiagnose permitirá elaborar un plan de actuación ou un plan de melloras en responsabilidade social empresarial.
- Autodiagnose ODS. XUNTA PRO-RSE pon a disposición dás empresas un cuestionario para determinar o seu aliñamento cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS), identificar os seus puntos fortes e débiles e as áreas de mellora respecto deles. A autodiagnóse permitirá a elaboración dun Plan de Acción ou dun Plan de Mellora segundo os ODS.
- Xestión de indicadores. XUNTA PRO-RSE permite ás empresas, a través dun amplo cadro de indicadores, existentes en diversos estándares de responsabilidade social empresarial, xestionar a súa estratexia en RSE. Os indicadores preséntanse agrupados atendendo as seguintes dimensións: bo goberno, ambiente, dereitos humanos, consumo-clientes e dereitos e políticas laborais. Para cada indicador, XUNTA PRO-RSE permite introducir unha sucesión de valores, cualitativos e cuantitativos, tomados en intervalos periódicos, co obxectivo de realizar o seguimento da súa evolución.
- Elaboración de memorias de responsabilidade social empresarial. XUNTA PRO-RSE permite xerar, automaticamente, memorias de responsabilidade social empresarial a partir das valoracións asignadas aos distintos indicadores, evitando o labor de consulta a diferentes fontes de información e documentos para a elaboración desta. Os documentos que se poden xerar son:
  - A memoria de responsabilidade social empresarial segundo os criterios da Xunta de Galicia.
  - A memoria de responsabilidade social empresarial segundo a Guía G4 de Global Reporting Initiative.
  - O informe de progreso segundo os 10 principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas.
  - O informe de aliñamento cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel das Nacións Unidas.







#### 5 Instalación de XUNTA PRO-RSE

A instalación da ferramenta *softwar*e XUNTA PRO-RSE realizase de maneira sinxela por calquera usuario. Para proceder a súa instalación, debemos solicitar previamente os arquivos de instalación da ferramenta.

#### 5.1 Obtención dos arquivos de instalación de XUNTA PRO-RSE

Para obter os arquivos de instalación de XUNTA PRO-RSE, debemos acceder á páxina Web http://www.xunta.es/traballo-e-benestar para descargar os arquivos de instalación (que son de carácter comprimido e autoextraíble).

Previamente, debemos de cubrir un pequeno formulario en liña no que se requirirán os datos da empresa que vai a empregar XUNTA PRO-RSE. Unha vez cuberto e enviado o formulario, o persoal técnico da Consellería de Traballo e Benestar verificará os datos da empresa solicitante, e nos enviará, a través dun correo electrónico, o enlace para descargar os arquivos de instalación.

#### 5.2 Instalación de XUNTA PRO-RSE

Unha vez descargado o arquivo comprimido de instalación, debemos executalo (o noso usuario debe ter privilexios de administración e, no caso de non ter privilexios de administración, debemos iniciar sesión como administrador no noso ordenador). O arquivo executable descomprimirá automaticamente os arquivos de instalación e iniciará o instalador.

O instalador detectará automaticamente se o noso ordenador dispón dos compoñentes *software* necesarios e, se non os tivese, se procederá á súa descarga automaticamente (requírese conexión a internet) e á instalación das mesmas.







Os compoñentes software necesarios son os seguintes:

- Microsoft .Net Framework 4.
- SQLServer Compact 4.0.
- Windows installer 3.1.
- Microsoft Office 2010 Primary Interop Assemblies.
- Ensamblados de interoperabilidade primarios de Microsoft Office 2007.

En cada pantalla que apareza, pulsamos o botón "Seguinte / Siguiente" ou aceptamos en cada pantalla (as opcións por defecto son válidas na maioría dos ordenadores). Ao finalizar a instalación das dependencias, iniciarase o instalador de XUNTA PRO-RSE.

As opcións de configuración suxeridas polo instalador son boas para calquera tipo de instalación, polo que, para unha instalación por defecto, só temos que pulsar o botón "Seguinte / Siguiente", tal e como vemos a continuación:



Figura 1. Ventá dunha das fases do proceso de instalación de XUNTA PRO-RSE.

Unha vez finalizada a instalación, podemos executar XUNTA PRO-RSE dende o acceso directo creado no escritorio do noso ordenador, ou buscando o enlace en "Inicio->Programas" dentro da barra de tarefas de Windows.

Antes de comezar a utilizar XUNTA PRO-RSE, debemos configuralo segundo as necesidades da empresa.







#### 6 Configuración e personalización de XUNTA PRO-RSE

Ao executar XUNTA PRO-RSE por primeira vez, a ferramenta está preconfigurada do seguinte xeito:

- Modo monousuario, que só permite o acceso á información a un usuario, sen compartir información con outros usuarios.
- Gardado de datos na carpeta "XUNTA PRO-RSE V4", creada na carpeta "Mis Documentos" do noso ordenador.
- Gardado de informes na carpeta "Informes" dentro da carpeta "XUNTA PRO-RSE V4", creada na carpeta "Mis Documentos" do noso ordenador.

O iniciarse por primeira vez, XUNTA PRO-RSE realiza unha busca no equipo para determinar se existe unha versión anterior. En caso afirmativo, mostrarase a opción de importar a información existente na nova versión.



Figura 2. Ventana de una de las fases del proceso de instalación de XUNTA PRO-RSE.

O finalizar a importación mostrarase unha confirmación da correcta finalización do proceso.



Figura 3. Ventana de una de las fases del proceso de instalación de XUNTA PRO-RSE







## 6.1 O apartado "Propiedades"

Todas as opcións de XUNTA PRO-RSE, pódense cambiar dende o apartado "Propiedades / Propiedades", situado á esquerda da parte superior da pantalla principal de XUNTA PRO-RSE, tal e como vemos a continuación:

M XUNTA PRO-RSE				1 <u></u>		×
Arquivo / Archivo Editar / Editar Axuda / Ayud	3					
SAIR PROPIEDADES PROPIEDADES	CENTROS INDI	CADORES CADORES				
	Xunta PRO	RSE				
INTRODUCIÓN INTRODUCCIÓN INTRODUCCIÓN	AUTODIAGNÔSE AUTODIAGNÔSTICO	AUTODIAGNOSE ODS AUTODIAGNOSTICO ODS	XESTIÓN DE INDICADORES GESTIÓN DE INDICADORES			
galicia	۷	rreprenentialphale contact temperanenal		XUNTA DE GALICI	A	
XUNTA PRO-RSE V4.00.02Beta Conexión BBDD Local				Powered by www	/sicasoft/	com 🚮

Figura 4. Ventá da pantalla principal de XUNTA PRO-RSE V4.00.

A continuación explicamos como cambiar cada un dos parámetros de configuración de XUNTA PRO-RSE.







#### 6.2 Directorio de almacenamento de informes por defecto

Dende o apartado "Propiedades / Propiedades", na pestana "Xeral / General" podemos ver o directorio de almacenamento de informes por defecto (ó iniciar XUNTA PRO-RSE por primeira vez, o directorio por defecto chámase "XUNTA PRO-RSE ODS" e se crea na carpeta "Mis Documentos" do noso ordenador), tal e como vemos a continuación:



Figura 5. Ventá da pestana "Xeral / General" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE.

Para cambiar a carpeta, pulsamos o botón . Amósase unha ventá de exploración de directorios na que podemos seleccionar o directorio, tanto unha carpeta no propio ordenador como nun equipo conectado en rede. Pulsamos "Aceptar". A ruta do directorio se escribirá automaticamente na casilla correspondente.







## 6.3 Selección do servidor de base de datos

Dende o apartado "Propiedades / Propiedades", na pestana "Destino BBDD / Destino BBDD" podemos seleccionar entre a opción "BBDD propia / BBDD propia" e "BBDD en servidor externo / BBDD en servidor externo", tal e como vemos a continuación:

Topiedades / Propiedades	-	×
Arquivo / Archivo		
VOLVER A INICIO CUARDAR		
Xeral / General Destino BBDD / Destino BBDD Xestión BBDD / Gestión BBDD		
Indique a base de datos que se vai utilizar Indique la base de datos que se va a utilizar:		
Directorio de almacenamento de datos Directorio de almacenamiento de datos [C\Users\George\Documents\XUNTA PRO-RSE ODS\		
Nome da conexión ODBC Nombre de la conexión ODBC Nome da base de datos Nombre de la base de datos Establecer nova conexión Establecer nueva conexión		

Figura 6. Ventá da pestana "Destino BBDD / Destino BBDD" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE.

#### 1. Opción BBDD Propia

É a opción por defecto. XUNTA PRO-RSE usa o motor interno de base de datos para o almacenamento da información no "Directorio de almacenamento de datos / Directorio de almacenamiento de datos" (por defecto, XUNTA PRO-RSE garda os datos na carpeta "XUNTA PRO-RSE ODS" creada na carpeta "Mis Documentos" do noso ordenador). Podemos seleccionar outra carpeta diferente (ben no propio ordenador ou nun espazo compartido en rede) seleccionando a carpeta a través do botón

ATENCIÓN: Se cambiamos o directorio de almacenamento de datos, a información existente na localización antiga non se copiará á nova localización. A operación de copia de datos debemos facela manualmente, copiando o arquivo "PRO\_RSE\_DB.sdf" da antiga localización, e pegándoa na nova localización.







No caso de que escolla un espazo compartido por varios ordenadores, o acceso á información poderá ser compartido entre varios ordenadores que teñan instalado XUNTA PRO-RSE, pero só un poderá acceder simultaneamente á información. Para unha opción multiusuario, debemos seleccionar a opción "BBDD en Servidor Remoto".

#### 2. Opción BBDD en Servidor Remoto

XUNTA PRO-RSE nos permite traballar contra un servidor de base de datos externo (tipo SQLSERVER ou MYSQL) situado no mesmo ordenador ou noutro equipo diferente. Para poder acceder a este servidor, é necesario a creación en Windows dunha conexión ODBC co servidor, onde se configurarán o nome de usuario, o contrasinal e o nome da base de datos (recomendamos como nome de base de datos "XUNTA PRO-RSE").

XUNTA PRO-RSE funciona con conexións ODBC de 32 bits. Consulte a páxina Web de Microsoft para máis información sobre como crear unha conexión ODBC.

Unha vez xerada a conexión ODBC, seleccionamos a opción "BBDD en servidor externo / BBDD en servidor externo" e pulsamos o botón "Establecer nova conexión / Establecer nueva conexión", tal e como vemos a continuación:

n Conexion ODBC / Conexi	on ODBC		-	- 🗆	×
Seleccione unha conexi Seleccione una conexi	xión ODBC existente ón ODBC existente				
Tipo de servidor Tipo de servidor					
MYSQL	Mysql Tipo de conexión ODBC Tipo de conexión ODBC	Conexións ODBC dispoñibles Conexiones ODBC disponibles	~		
O SQLSERVER	- SQL Server				
	Dirección Servidor				
	Nome Usuario				
	Contrasinal				
	Nome da BD				
		ACEPTAR ACEPTAR	G		AR R

Figura 7. Ventá de selección de "Conexión ODBC / Conexión ODBC" da pestana "Destino BBDD / Destino BBDD" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE.







Debemos indicar os seguinte datos:

- Seleccionar o tipo de conexión ODBC (de usuario ou de sistema, segundo a opción que escollemos durante a xeración da conexión ODBC).
- Seleccionar o nome da conexión entre as "Conexións ODBC dispoñibles / Conexiones ODBC disponibles".
- Indicar o tipo de servidor: SQLServer ou MYSQL.

Unha vez aportados todos os datos, pulsamos "Aceptar".

Se é a primeira vez que usamos a base de datos, XUNTA PRO-RSE preguntará si queremos formatea-la. Debemos responder que "Si / Sí" para que se creen as táboas e datos necesarias.

ATENCIÓN: Ao formatear a base de datos, perderase toda a información almacenada na mesma, á que apunta a conexión ODBC.

Tamén podemos pulsar o botón de "Formatear BBDD / Formatear BBDD" para volver a xerar as táboas e os datos por defecto.

ATENCIÓN: Se cambia o tipo de base de datos (entre "BBDD propia / BBDD propia" e "BBDD en servidor externo / BBSS en servidor externo") ou o directorio de almacenamento de datos, a información existente na localización antiga non se copiará á nova localización. A operación de copia de datos debemos facela manualmente.

#### 6.3.1 Formatear a base de datos

**XUNTA PRO-RSE** permite formatear a base de datos especificamente, para devolvela ao seu estado inicial. Esta operación borrará todos os datos que se introduciron na base de datos externa. A operación de formateo da base de datos só é aplicable ás bases de datos dos servidores externos.

Para formatear a base de datos propia, é suficiente con borrar (ou cambiar de nome) o arquivo "PRO\_RSE\_DB.sdf" que existe no directorio de almacenamento de datos. XUNTA PRO-RSE xerará de novo este arquivo cos datos por defecto.







#### 6.4 Perfil da empresa

Os primeiros datos a introducir en XUNTA PRO-RSE corresponden aos datos da empresa. Para introducir os datos desta, dende a ventá principal de XUNTA PRO-RSE, pulsamos o botón "Perfil da entidade / Perfil de la Entidad", tal e como vemos a continuación:

M XUNTA PRO-RSE				1 <u>111</u>		×
Arquivo / Archivo Editar / Editar Axuda / Ayud	a					
SALIR PROPIEDADES PROPIEDADES	CENTROS O IND	DICADORES				
	Xunta PRO	RSE				
INTRODUCIÓN INTRODUCCIÓN INTRODUCCIÓN	AUTODIAGNOSE AUTODIAGNOSTICO	AUTODIAGNOSE ODS AUTODIAGNOSTICO ODS	XESTIÓN DE INDICADORES GESTIÓN DE INDICADORES		<b>S</b> 8	
galicia	C	ragoonabilitati cond angoonabilit	• <b>1</b> • <b>1</b> • <b>1</b>	XUNTA DE GALIC	IA	
XUNTA PRO-RSE V4.00.02Beta Conexión BBDD Local				Powered by ww	w.sicasofi	L.com

Figura 8. Ventá principal de XUNTA PRO-RSE.







Amósasenos unha ventá para introducir os datos da nosa empresa. Unha vez finalizada a introdución, pulsamos o botón "Gardar / Guardar" para almacenar os cambios, tal e como vemos a continuación:

😤 Perfil da Entidade / Perfil de la Entidad		-	×
Arquivo / Archivo			
VOLVER A INICIO			
Perfil / Perfil			
Nome da compañía Nombre de su compañía			^
Cales son as súas principais actividades, marcas, produtos e servizos? Acompañe dunha breve descrición e explicación de produtos ou servizos prohibidos en certos mercados.	~		
¿Cuáles son sus principales actividades, marcas, productos y servicios? Acompañe de una breve descripción y explicación de productos o servicios prohibidos en ciertos mercados.	~		
Indique a localización da sede principal. Indique la ubicación de la sede principal.			
En que países opera a súa organización? ¿En qué países opera su organización?	^		
	~		
Indique a natureza do réxime de propiedade e forma xurídica Indique la naturaleza del régimen de propiedad y forma	^		
jurídica	~		
En que mercados opera? Indique desagregación xeográfica, por sector e tipo de cliente. ¿En qué mercados opera? Indique desglose geográfico, por	^		
sector y tipo de cliente.	~		
Indique a misión visión, valores, principios e normas da súa organización (códigos de conduta, códigos éticos, etc)	^		
Indique la misión visión, valores, principios y normas de su organización (códigos de conducta, códigos éticos, etc.)	~		
Describa brevemente as etapas da súa cadea de subministración, incluídos os elementos principais relacionados coas actividades, marcas principais, produtos e servizos da organización. Indique número de provedores e súa localización.	^		
Describa brevemente las etapas de su cadena de suministro, incluidos los elementos principales relacionados con las actividades, marcas principales, productos y servicios de la organización. Indigue número de proveedores y su ubicación.	~		
Que iniciativas externas de carácter económico, ambiental ou social subscribiu a organización durante o período da memoria? Enuméreas. ¿Qué iniciativas externas de carácter económico, ambiental o social ha suscrito la organización durante el periodo de	^		v

Figura 9. Ventá do apartado "Perfil da entidade / Perfil de la Entidad" de XUNTA PRO-RSE.

Se mantén o cursor sobre o campo de resposta, algúns indicadores mostrarán información adicional que lle axudará a cumprimentar correctamente a información.

Unha vez finalizada a introdución de datos, pulsamos o botón "Gardar / Guardar" para almacenar os cambios. Se pulsamos o botón "Volver a Inicio / Volver a Inicio", volveremos á ventá principal sen gardar os datos introducidos.







## 6.5 Xestión de indicadores RSE personalizados

XUNTA PRO-RSE nos permite xestionar indicadores RSE personalizados adaptados ás particularidades da nosa empresa. Para introducir os datos dun indicador RSE personalizado, temos que crealos previamente. Dende a pestana "Xestión BBDD / Gestión BBDD" no apartado de "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE, pulsamos o botón "Indicadores / Indicadores", tal e como vemos a continuación:



Figura 10. Ventá do apartado "Indicadores / Indicadores" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE.

Os indicadores están estruturados en 3 niveis en forma de árbore, tal e como se pode apreciar na sección de "Xestión de indicadores / Gestión de Indicadores", seguindo o exemplo:

- Área 1
- Subárea 1.1
  - o Indicador 1.1.1
  - o Indicador 1.1.2
- Subárea 1.2
  - o Indicador 1.2.1
  - o Indicador 1.2.2

Para engadir un indicador RSE personalizado, pulsamos o botón "Engadir / Añadir" e amósasenos o formulario para cubrir os datos requiridos para o novo indicador, tal e como vemos a continuación:







marcador, And marcador		-	u x	🐏 Alta indicador / Alta i	ndicador	-	
o / Arquivo				<u>A</u> rchivo / Arquivo			
CANCELAR CANCELAR	GARDAR GUARDAR				GARDAR GUARDAR		
dentificador dentificador		A T		Identificador Identificador	2000	*	
ne Indicador				Nome Indicador			
bre Indicador				Nombre Indicador			
Nivel 2		-		Nivel Nivel	β	*	
pecto Grupo B-Aspect	os xerais/B- Aspectos generales	~		Aspecto Grupo Aspecto Grupo	1-Perfil da organización /1-Perfil de la organización	~	
Orde 1 Orden		-		Orde Orden	1	-	
				Aspecto Material Aspecto Material		~	
				Medición e seguimento / N	Aedición y seguimiento		
				Nome Indicador			
				Nombre Indicador			
				Cuantificación Cuantificación	(%)	~	

Figura 11. Ventá de alta dun indicador personalizado RSE de nivel 2 (esquerda) e de nivel 3 (dereita), do apartado "Indicadores / Indicadores" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE.

No formulario debemos introducir a seguinte información:

- Nome indicador / Nombre Indicador. É a denominación do indicador en galego / en castelán.
   Nivel / Nivel. Indica o nivel que terá o indicador dentro da xerarquía de niveis. Os indicadores de nivel 2 serán engadidos como subáreas do "Aspecto grupo / Aspecto Grupo". Os indicadores de nivel 2 non almacenarán datos. Os indicadores de nivel 3 son indicadores que van a conter datos. En función do nivel seleccionado, o "Aspecto grupo / Aspecto Grupo" cambiará, amosándonos a listaxe das áreas de nivel 1, no caso de seleccionar un indicador de nivel 2, ou as subáreas de nivel 2, no caso de seleccionar un indicador de nivel 3.
- Orde / Orden. É a orde da listaxe de indicadores con respecto a outros indicadores do mesmo nivel.
   A listaxe por orde faise de menor a maior.
- Aspecto material, no caso de seleccionar un indicador de nivel 3. Podemos asociar o noso indicador personalizado a algún dos aspectos materiais existentes. Tamén podemos crear aspectos materiais personalizados.
- Medición e seguimento, no caso de seleccionar un indicador de nivel 3:
  - Nome indicador / Nombre Indicador. É a denominación do indicador de medición en galego / en castelán.
  - Cuantificación. É a unidade de medida do indicador de medición.







Unha vez finalizada a introdución de indicadores, pulsamos o botón "Gardar / Guardar".

Para modificar un indicador RSE personalizado, dende a listaxe de indicadores seleccionamos o indicador e pulsamos o botón"Modificar / Modificar", e se nos amosará o formulario cuberto. Para borrar un indicador RSE personalizado, dende a listaxe de indicadores, seleccionamos o indicador e pulsamos o botón "Borrar".

Atención: O borrado dun indicador RSE personalizado implica que se borren os datos vinculados a ese indicador.

### 6.6 Xestión de obxectivos personalizados

XUNTA PRO-RSE nos permite xestionar obxectivos para un indicador en concreto. Para iso, dende a pestana "Xestión BBDD / Gestión BBDD" no apartado de "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE, pulsamos o botón "Obxectivos / objetivos".

Para engadir un obxectivo, pulsamos o botón "Engadir / Añadir" e amósasenos a formulario para cubrir os datos requiridos para o novo obxectivo, tal e como vemos a continuación:

CANCELAR CANCELAR CUARDAR CUA	CARDAR CANCELAR CANCELAR COLARDAR COLARDAR COLARDAR COLARDAR COLARDAR COLARDAR Nome Obxectivo Nombre Objetivo	rquivo / Archivo		
dentificador 1 Nome Obxectivo Nombre Objetivo Nombre Objetivo Nivel I / Nivel I C Economia/C Economia Nivel II / Nivel II 2 Presencia no mercado/2- Presencia en el mercado Nivel II / Nivel III 2 Presencia no mercado/2- Presencia en el mercado Nivel II / Nivel III [PRF-DC12] Algún dos seus altos directivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a j Indicador de medición / Indicador de medición Porcentaxe de directivos procedentes de comunidades locais Porcentaje de directivos procedentes de comunidades locales Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centrc Cantidade obxectivo medible Medida cantidade	Image: Second	G CANCELAR GARDA	<b>R</b> R	
Nivel I / Nivel I         C- Economia/C- Economia         Nivel II / Nivel II         2- Presencia no mercado/2- Presencia en el mercado         Nivel III / Nivel III         [PRP-DC12] Algún dos seus altos directivos pertence á comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a j         Indicador de medición / Indicador de medición         Porcentaxe de directivos procedentes de comunidades locals         Porcentaje de directivos procedentes de comunidades locals         Porcentaje de directivos fos Centre /         Ano / Año         [2017] [20]         Cantidade obxectivo medible	Nivel I / Nivel II C: Economía/C: Economía Nivel II / Nivel II 2: Presencia no mercado/2: Presencia en el mercado Nivel III / Nivel II [VPR-DCI2] Algún dos seus altos directivos pertence á comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a j Indicador de medición / Indicador de medición forcentaxe de directivos procedentes de comunidades locals forcentaje de directivos procedentes de comunidades locales Centro / Centro Indica S Centros / Todos los Centro Cantidade obxectivo medible Cantidade obxectivo medible Cantidade obxectivo medible Cantidade obxectivo medible Cantidade cantidade	dentificador dentificador Aspecto RSE / Aspecto RSE	Obxectivo re Objetivo	
Centro / Centro       Ano       /Año         Centro / Centro       Ano       /Año         Centro / Centro       Ano       /Año         Todos os Centros / Todos los Centre v       Cantidade obxectivo medible       Medida cantidade	C Economia/C Economia Nivel II / Nivel II  PRE-DC12] Algún dos seus altos directivos pertence á comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a j  Indicador de medición / Indicador de medición Orocentaxe de directivos procedentes de comunidades locals Centro / Centro Codos os Centros / Todos los Centrc  Ano / Año Do17 Contidade obxectivo medible Medida cantidade Cantidad objetivo medible Medida cantidade	Nivel I / Nivel I		
Nivel II       / Nivel II         IP Presencia no mercado/2- Presencia en el mercado         Nivel III       / Nivel III         [XPR-DC12] Algún dos seus altos directivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a r         Indicador de medición       / Indicador de medición         Porcentaxe de directivos procedentes de comunidades locals         Porcentaje de directivos procedentes de comunidades locales         Centro / Centro       Ano         Todos os Centros / Todos los Centre >         Cantidade obxectivo medible       Medida cantidade	Nivel III / Nivel II 2 Presencia no mercado/2- Presencia en el mercado Nivel III / Nivel III [PRP-DC12] Algún dos seus altos directivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a j ndicador de medición / Indicador de medición Porcentaye de directivos procedentes de comunidades locais Porcentaje de directivos procedentes de comunidades locales Centro / Centro Fodos os Centros / Todos los Centro ~ Ano / Año [2017] © Cantidade obxectivo medible Cantidade objectivo medible Medida cantidade	C- Economía/C- Economía		`
2: Presencia no mercado/2: Presencia en el mercado  Nivel III / Nivel III  [PRP-DC12] Algún dos seus altos directivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a r Indicador de medición / Indicador de medición Porcentaxe de directivos procedentes de comunidades locais Porcentaje de directivos procedentes de comunidades locales  Centro / Centro  Ano / Año 2017 C  Cantidade obxectivo medible Medida cantidade	2 Presencia no mercado/2- Presencia en el mercado Nivel III / Nivel III  [IVRR-DC12] Algún dos seus altos directivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a 1 ndicador de medición / Indicador de medición Porcentaxe de directivos procedentes de comunidades locais Porcentaje de directivos procedentes de comunidades locales Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centrc   Ano / Año Do17 Cantidade obxectivo medible Cantidade obxectivo medible Cantidade obxectivo medible Cantidad objetivo medible Medida cantidade	Nivel II / Nivel II		
Nivel III / Nivel III [PRR-DC12] Algún dos seus altos directivos pertence á comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a prince de directivos procedentes de comunidades locals Porcentaye de directivos procedentes de comunidades locales Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centrc   Ano / Año Data   Data   Centrod Ano / Año Data   Centrod	Nivel III / Nivel III  [PPR-Dc12] Algún dos seus altos directivos pertence á comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique a j indicador de medición / Indicador de medición orcentaxe de directivos procedentes de comunidades locals orcentaje de directivos procedentes de comunidades locales Centro / Centro Godos os Centros / Todos los Centro · Cantidade obxectivo medible Medida cantidade Cantidade objetivo medible Medida cantidade	2- Presencia no mercado/2- Presencia	a en el mercado	~
Centro / Centro Centro / Centro Codos os Centros / Todos los Centre Cantidades locales Centro / Centro Cantidade obxectivo medible Medida cantidade	Centro / Centro	Nivel III / Nivel III [XPR-DC12] Algún dos seus altos direc	ctivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique	atv
Centro / Centro       Ano / Año         Todos os Centros / Todos los Centrc ~       Entro / Año         Descretor Anence       Cantidade obxectivo medible	Centro / Centro       Ano / Año         Todos os Centros / Todos los Centro ~       Ano / Año         Buscan Fold, Andone       Cantidade obxectivo medible         Cantidade objetivo medible       Medida cantidade	Nivel III / Nivel III [XPR-DC12] Algún dos seus altos direc Indicador de medición / Indicado	ctivos pertence á comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique r de medición	atv
Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centro - Diatro - Ruscas Por A Associe Cantidade obxectivo medible Medida cantidade	Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centrc    Ano / Año	Nivel III / Nivel III [XPR-DC12] Algún dos seus altos direc Indicador de medición / Indicado Porcentaxe de directivos procedent	ctivos pertence á comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique r de medición es de comunidades locais	at /
Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centro ~ Buscae Por A Anno / Año 2017 🚖 Cantidade obxectivo medible Medida cantidade	Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centro Cantidade obxectivo medible Cantidade obxectivo medible Medida cantidade Medida cantidade	Nivel III / Nivel III [XPR-DC12] Algún dos seus altos direct Indicador de medición / Indicado Porcentaxe de directivos procedent Porcentaje de directivos procedent	ctivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique r de medición es de comunidades locais as de comunidades locales	at /
2017 Cantidade obxectivo medible Medida cantidade	Buscar POLA ARBORE         Cantidade obxectivo medible Cantidad objetivo medible         Medida cantidade Medida cantidad	Nivel III / Nivel III [IRRP-DCI2] Algún dos seus altos direr Indicador de medición / Indicado Porcentaxe de directivos procedent Porcentaje de directivos procedent	ctivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique r de medición es de comunidades locais as de comunidades locales	atv
Buscan pola Annone Cantidade obxectivo medible Medida cantidade	BUSCAR POLA ARBORE BUSCAR POR EL ARBOL Cantidad objetivo medible Cantidad objetivo medible Medida cantidad	Nivel III / Nivel III [IPRP-DCI2] Algún dos seus altos direr Indicador de medición / Indicado Porcentaxe de directivos procedent Porcentaje de directivos procedent Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centr	ctivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique r de medición es de comunidades locais es de comunidades locales	at /
	Cantidad objetivo medible Medida cantidad	Nivel III / Nivel III [IPRP-DC12] Algún dos seus altos direr Indicador de medición / Indicado Porcentaxe de directivos procedent Porcentaje de directivos procedent Centro / Centro Todos os Centros / Todos los Centr	ctivos pertence à comunidade local nos países onde opera? En caso afirmativo, indique r de medición es de comunidades locais es de comunidades locales Ano / Año 2017 0	at,

Figura 12. Ventá de alta dun indicador obxectivo, do apartado "Obxectivos / Obxectivos" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE

No formulario, debemos introducir a seguinte información:

• Nome obxectivo / Nombre objetivo. É o nome que identifica ó obxectivo.







- Aspecto RSE de nivel 1, 2 e 3. Se seleccionamos un aspecto RSE de nivel 1, a listaxe de aspectos de nivel 2 cambiará automaticamente. Se seleccionamos un aspecto RSE de nivel 2, a listaxe de aspectos de nivel 3 cambiará automaticamente. Se seleccionamos un aspecto RSE de nivel 3, o indicador de medición cambiará para adaptarse ao aspecto RSE seleccionado.
- Seleccionamos o centro para o cal establecemos o obxectivo. Se é un obxectivo a nivel global, seleccionamos "Todos os centros / Todos los Centros".
- Seleccionamos o "Ano / Año" para o obxectivo.
- Seleccionamos a "Cantidade obxectivo medible / Cantidad objetivo medible" e a "Medida de cantidade / Medida de cantidad" do obxectivo.

Unha vez finalizada a introdución de obxectivos, pulsamos o botón "Gardar / Guardar".

Para modificar un obxectivo, dende a listaxe de obxectivos, seleccionamos o obxectivo e pulsamos o botón "Modificar / Modificar", e se nos amosará o formulario cuberto. Para borrar un obxectivo, dende a listaxe de obxectivos, seleccionamos o que nos interese borrar e pulsamos o botón "Borrar / Borrar".







#### 6.7 Xestión de centros personalizados

Unha vez seleccionada a base de datos a utilizar, podemos comezar a dar de alta os centros ou procesos da nosa empresa. Un centro pódese definir como o lugar onde a empresa desenvolve a súa actividade, e ao que se vamos asociar os datos dos indicadores (por exemplo, unha sede, fábrica, un proceso, etc.).

Para poder asociar os nosos indicadores aos centros da nosa empresa, temos que crealos previamente. Para iso, dende a pestana "Xestión BBDD / Gestión BBDD" no apartado de "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE, pulsamos o botón "Centros / Centros". A venta amósanos na listaxe "Localización / Ubicación" por defecto: "Todos os centros / Todos los Centros", tal e como vemos a continuación:

Alta centro /	Alta centro				-	×
Archivo / Arquiv	vo					
	ELAR	0	GARDAI GUARDA	R R		
Identificador Identificador	2					*
Nome Nombre						
Localización Ubicación	Todos os	Centros	/ Todos I	os Centro:	s	~

Figura 13. Ventá de alta dun centro, do apartado "Centros / Centros" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE.

Para engadir un centro, pulsamos o botón "Engadir / Añadir" e amósasenos o formulario para cubrir os datos requiridos para o novo centro. Escribimos o nome do centro. Unha vez finalizada a introdución de centros, pulsamos o botón "Gardar / Guardar".

Na listaxe "Localización / Ubicación" amosaránsenos todos os centros que están dados de alta en XUNTA PRO-RSE. Se seleccionamos unha localización, o novo centro que creemos estará asociado á esta. Isto nos permitirá xerar unha xerarquía de localizacións, co fin de que XUNTA PRO-RSE nos facilite datos agregados de indicadores de todos os centros que engloba.







Por exemplo, para realizar a seguinte xerarquía de centros, tal e como vemos na seguinte ventá:

- Todos os centros / Todos los centros
  - o A Coruña
    - Santiago de Compostela
    - Ferrol
  - o Pontevedra
  - o Vigo

👷 Lie	staxe centros / Lista	do centros				-		×
Arqu	iivo / <u>A</u> rchivo <u>E</u> di	itar / Editar						
	VOLVER A PR	OPIEDADES PIEDADES	ENGADIR AÑADIR	Ø	MODIFICAR		BORRAR BORRAR	
	Id_centro/	Nome / Nombre	Ubicacion / Ubicación					
•	1	Todos os Centros						
	2	A Coruña	Todos os Centros					
	3	Santiago de Comp	A Coruña					
	4	Ferrol	A Coruña					
	5	Pontevedra	Todos os Centros					
	6	Vigo	Pontevedra					
Centro	s / Centros: 6							.::

Figura 14. Ventá de "Listaxe centros / Listado Centros" do apartado "Centros / Centros" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE.

Temos que facer os seguintes pasos:

- Alta de centro "A Coruña", con localización en "Todos os centros / Todos los centros".
- Alta de centro "Santiago de Compostela", con localización en "A Coruña".
- Alta de centro "Ferrol", con localización en "A Coruña".
- Alta de centro "Pontevedra", con localización en "Todos os centros / Todos los centros".
- Alta de centro "Vigo", con localización en "Pontevedra".

Unha vez finalizada a introdución de centros, pulsamos o botón "Gardar / Guardar".

Para modificar un centro, dende a listaxe de centros, seleccionamos o centro, e pulsamos o botón "Modificar / Modificar", e se nos amosará o formulario cuberto. Para borrar un centro, dende a listaxe de centros, seleccionamos o que nos interese borrar e pulsamos o botón "Borrar / Borrar".







## 6.8 Xestión de unidades de cuantificación personalizadas

XUNTA PRO-RSE nos permite inserir unha nova unidade de medida para un indicador en concreto. Para iso, dende a pestana "Xestión BBDD / Gestión BBDD" no apartado de "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE, pulsamos o botón "Cuantificación / Cuantificación".

Para engadir unha unidade de cuantificación, pulsamos o botón "Engadir / Añadir" e amósasenos o formulario para cubrir os datos requiridos para a nova unidade de cuantificación, tal e como vemos a continuación:

👷 I	🏫 Listaxe cuantificación / Listado cuantificación 🦳 🗆										
Arq	Arquivo / <u>A</u> rchivo <u>E</u> ditar / Editar										
	VOLVER A PROPIEDADE	ADES S	ENGADIR AÑADIR	Ø	MODIFICAR MODIFICAR		BORRAR BORRAR				
	ld_cuantificación / ld_cuantificación	Nome / Nombre									
•	100	Horas/Empregado									
	101	Horas/Dirección									
Unida	Unidades de cuantificación / Unidades de Cuanatificación: 2										

Figura 15. Ventá de "Listaxe centros / Listado Centros" do apartado "Centros" do apartado "Propiedades / Propiedades" de XUNTA PRO-RSE.

Unha vez finalizada a introdución de indicadores, pulsaremos o botón "Gardar / Guardar".

Para modificar unha unidade de cuantificación, dende a listaxe de unidades, seleccionamos a unidade, e pulsamos o botón "Modificar / Modificar", e se nos amosará o formulario para cubrir. Para borrar unha unidade de cuantificación, dende a listaxe de unidades, seleccionamos a que nos interese e pulsamos o botón "Borrar / Borrar".







#### 7 Autodiagnose

A autodiagnose de XUNTA PRO-RSE é a primeira fase das catro áreas funcionais que abranguen todo o proceso de xestión da **responsabilidade social empresarial**. A autodiagnose é unha ferramenta metodolóxica que nos permite, a través dun cuestionario acerca das súas actuacións, identificar os puntos fortes e débiles, e as áreas de mellora da **responsabilidade social empresarial** da empresa.

A autodiagnose plásmase nun documento útil para comunicar internamente o estado da empresa no ámbito da **responsabilidade social empresarial**. É un documento que sirve de apoio á reflexión responsable da empresa, podendo decidir a estratexia a seguir na materia.

A autodiagnose de XUNTA PRO-RSE permite:

- Observar as fortalezas e as debilidades da empresa e coñecer, así, a súa verdadeira situación en responsabilidade social empresarial.
- Detectar as áreas de mellora prioritarias e secundarias da empresa en responsabilidade social empresarial.
- Definir as **prioridades actuais** e establecer as **necesidades futuras** a través dun plan de actuación ou un plan de melloras en **responsabilidade social empresarial**.







#### 7.1 Realizar unha autodiagnose

Para comezar a autodiagnose, dende a ventá principal, pulsamos o botón "Autodiagnose / Autodiagnóstico", tal e como se ve a continuación:

M XUNTA PRO-RSE				1 <u>111</u>		×
Arquivo / Archivo Editar / Editar Axuda / Ayu	a					
SAIR PROPIEDADES PROPIEDADES	CENTROS IND	ICADORES ICADORES				
	Xunta PRO	RSE				
INTRODUCIÓN INTRODUCCIÓN	AUTODIAGNOSE AUTODIAGNÕSTICO	AUTODIAGNOSE ODS AUTODIAGNOSTICO ODS	XESTIÓN DE INDICADORES GESTIÓN DE INDICADORES		S S	
дзіісіз	C	ngenerahlipak wial ngenerah		XUNTA DE GALIC	IA	
XUNTA PRO-RSE V4.00.02Beta Conexión BBDD Local				Powered by ww	/w.sicasoft	.com "si

Figura 16. Ventá da pantalla principal de XUNTA PRO-RSE.

Amosásenos unha ventá na que podemos indicar se queremos "Realizar autodiagnose / Realizar Autodiagnóstico" ou consultar o "Histórico de autodiagnoses / Histórico de Autodiagnóstico" coa relación de auodiagnoses feitas.

Para comezar a realizar unha autodiagnose, pulsamos o botón "Realizar autodiagnose / Realizar Autodiagnóstico".







A ventá da autodiagnose ODS é a seguinte:



Figura 17. Ventá do formulario da autodiagnose no apartado "Autodiagnose / Autodiagnóstico" de XUNTA PRO-RSE.

Debemos responder a cada pregunta seleccionando a casilla correspondente na dereita:

- Si / Sí
- Non / No
- Non o sei / No lo sé

O seleccionar a casilla "Non o sei / No lo sé" mostraráse un texto de axuda específico para cada pregunta.



Figura 18. Ventá do formulario da autodiagnose no apartado "Autodiagnose / Autodiagnóstico" de XUNTA PRO-RSE.







Cando seleccionemos a resposta, activarase o botón "Seguinte / Siguiente", para que podamos pasar á seguinte pregunta. XUNTA PRO-RSE non nos permitirá pasar á seguinte pregunta sen aportar unha resposta. Se a pregunta xa foi contestada, a autodiagnose amosará a reposta aportada anteriormente, podendo cambiala en calquera momento. Cos botón de "Anterior / Anterior" e "Seguinte / Siguiente" podemos navegar polas preguntas da autodiagnose.

Tamén podemos acceder directamente a unha pregunta, seleccionándoa directamente na árbore de preguntas.

ATENCIÓN: Desta maneira, a resposta aportada á pregunta non se gardará. Para que se garde, debemos de pulsar o botón "Seguinte / Siguiente".

Podemos gardar a autodiagnose en calquera momento, pulsando o botón "Gardar / Guardar", e continuar máis tarde.







#### 7.2 Continuar coa autodiagnose

Para continuar unha autodiagnose, pulsamos o botón "Realizar autodiagnose / Realizar Autodiagnóstico". Como xa existe unha autodiagnose en marcha, XUNTA PRO-RSE indicará se queremos continuar coa autodiagnose. Para iso, pulsamos o botón "Continuar / Continuar". Se, sen embargo, queremos iniciar unha nova autodiagnose, pulsamos o botón "Novo / Nuevo", tal e como vemos a continuación:



Figura 19. Ventá que indica a existencia dunha autodiagnose comezada, no apartado "Autodiagnose / Autodiagnóstico" de XUNTA PRO-RSE.

#### 7.3 Gardar a autodiagnose

Podemos gardar a autodiagnose pulsando o botón "Gardar / Guardar". XUNTA PRO-RSE nos pedirá introducir un nome á autodiagnose, para poder identificala rapidamente entre as outras autodiagnoses realizadas, tal e como vemos a continuación:



Figura 20. Solicitude de nome para unha autodiagnose no apartado "Autodiagnose / Autodiagnóstico" de XUNTA PRO-RSE.







## 7.4 Avaliar a autodiagnose

Unha vez completemos todas as preguntas da autodiagnose, ó pulsar "Seguinte / Siguiente" na última pregunta, XUNTA PRO-RSE preguntará se queremos facer a avaliación da autodiagnose. Respondemos que "Si / Sí" para ver os resultados.

Tamén podemos acceder á avaliación a través de botón "Avaliar / Evaluar". Este botón só estará activo cando todas as preguntas estean completadas, tal e como podemos ver a continuación:



Figura 21. Ventá da avaliación da autodiagnose no apartado "Autodiagnose / Autodiagnóstico" de XUNTA PRO-RSE.

Na avaliación da autodiagnose, se expoñen os resultados en 3 pestanas:

- Puntos Fortes. Amósanse as fortalezas da empresa.
- Áreas de Mellora.
  - Prioritarias. Amósanse aqueles puntos onde a empresa debe traballar con alta prioridade.
  - Secundarias. Amósanse aqueles puntos de menor importancia para a empresa.
- Áreas que requiren máis información. Amósanse aqueles puntos onde a empresa non puido aportar unha resposta. Os textos explican o contido da pregunta para axudarnos a aportar unha resposta.

A autodiagnose pódese exportar a formato Excel pulsando o botón "Exportar a excel / Exportar a Excel". O informe conterá toda a información amosada na ventá.







## 7.5 Ver histórico de autodiagnoses

Para ver as respostas aportadas en anteriores autodiagnoses, podemos ver unha listaxe das autodiagnoses realizadas pulsando o botón "Histórico autodiagnose / Histórico Autodiagnósticos", tal e como vemos a continuación:



Figura 22. Ventá do formulario da autodiagnose no apartado "Autodiagnose / Autodiagnóstico" de XUNTA PRO-RSE.

Amósasenos unha listaxe das autodiagnoses realizadas, tal e como vemos a continuación:

👷 I	listaxe autodiagnos	ses / Listado auto	odiagnósticos		-	×
Arq	uivo / Archivo <u>E</u>	ditar / Editar				
(	VOLVER A IN		MODIFICAR	BORRAR		
	ld / ld	Nome / Nombre	Data / Fecha	Completado / Completado		 
•	5	Auto-01	19/11/2017	Si		
	6	Auto-02	19/11/2017	No		
Autoo	diagnoses / Autodi	iagnósticos: 2				



Na listaxe podemos ver as autodiagnoses que foron completadas (a través da columna "Completado / Completado"). Para ver as respostas aportadas, seleccionamos a autodiagnose que nos interese e pulsamos o botón "Modificar / Modificar".







#### 8 Autodiagnose ODS

